



# ACTUACIÓNS ENLAZAVIGO 2023: PROPOSTAS E CALENDARIO

As propostas que se realizan de seguido teñen como obxecto proporcionar recursos educativos no seo da programación do centro co gallo do **25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres**. Ao igual que en edicións anteriores, e dado o contido proposto, vai dirixida ao **alumnado de 3º e 4º da ESO, BAC e ciclos de FP**.

Tamén se propoñen actividades que formarán parte do **acto de sensibilización** que se prevé realizar no **Auditorio Mar de Vigo o 24 de novembro**.

## 1. ACTIVIDADES PROPOSTAS

- **DINÁMICAS NA AULA**. Sobre a base do material que se achega ou dos recursos na rede, esta guía propón ao profesorado desenvolver na aula algunha das actividades propostas.
- **FORMACIÓN PRESENCIAL PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA MOCIDADE (inscrición ata 31 de outubro)**. Sesión formativa presencial no propio centro (50 minutos), de luns a venres, en horario de mañá ou tarde). Terá lugar **entre o 16 de outubro e o 5 de decembro** (agás o 24 de novembro). A adxudicación será por orde de chegada das solicitudes.
- **SOLICITUDE DE EXPOSICIÓN ITINERANTE (inscrición ata 31 de outubro)**. Para escoller entre as exposicións **“1. A violencia sexual na mocidade”, “2. A escala da violencia na adolescencia” ou “3. MicroMachismos, pasemos á acción”**. A exposición solicitada estará no centro de luns a venres (1 semana) no período comprendido **entre o 16 de outubro e o 15 de decembro, agás na semana do evento central**. A adxudicación será por orde de chegada das solicitudes.
- **ELABORACIÓN EN AULA DUN MICROVÍDEO CO LEMA “DATE CONTA! ISTO SI E VIOLENCIA DE XÉNERO” (inscrición ata 31 de outubro; entrega ata o 17 de novembro)**. Escoller unha manifestación de violencia de xénero na mocidade e facer unha simulación na que se identifique e se dea unha resposta axeitada. Deberán ser orixinais e inéditos. Duración: entre 60 e 90 segundos. Formato: mp4, mov, avi ou wmv. Idioma: galego. Máis información en anexo de Microvídeo.
- **CREACIÓN DO PUNTO LILA (Espazo de información e sensibilización a prol da igualdade e contra a violencia de xénero)**. O centro dinamiza o espazo coa colaboración se fose preciso da Secretaría Técnica de EnlazaVigo, coa achega de recursos da Concellería de Igualdade.

## 2. EVENTO CENTRAL NO AUDITORIO MAR DE VIGO (venres, 24 novembro)

- **PARTICIPACIÓN DO CENTRO NA FEIRA EDUCATIVA COA COLOCACIÓN DUN ESPAZO EXPOSITIVO (inscrición ata 31 de outubro)**. Máximo 10 centros. Visibilizaráse o traballo realizado nos centros de ensino, no marco da sensibilización, a educación en igualdade e a prevención da violencia de xénero. Os centros participantes coordinarán coa organización os recursos necesarios e a dinámica a seguir no espazo expositivo.
- **PARTICIPACIÓN NO EVENTO QUE TERÁ LUGAR NO AUDITORIO MAR DE VIGO\*** (24 novembro, 10:15 – 12:30) **(inscrición ata 31 de outubro)**.

10:15 – 11:30 Visita á feira educativa no vestíbulo do Mar de Vigo, con participación en actividades lúdicas, creativas, informativas e dinámicas participativas.

11:30 – 12:30 Acto central no Auditorio do Mar de Vigo

\*Dada a capacidade do auditorio, cubrirase a participación por rigorosa orde de inscrición e outorgaranse as prazas de maneira equitativa entre os centros solicitantes.

**PARA PARTICIPAR CUBRIDE A FICHA QUE SE ACHEGA ATA O 31 OUTUBRO**  
**Máis info: Secretaría Técnica | 631 179 252 | enlazavigo@gmail.com**